

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Xesús López Carreira

**NON ASISTEN:**

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

### **1(1.702).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os presentes.

### **2(1.703).- PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2011. EXPTE. 101688/140**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da concelleira delegada da área de Economía e Facenda, do 14.10.2010, e co informe do Interventor Xeral do 25.10.2010, a Xunta de Goberno local acorda prestar a súa aprobación ó proxecto de Orzamentos Municipais 2010 coa seguinte:

#### **P R O P O S T A**

O Orzamento do ano 2011 está artellado nun contexto económico difícil, onde os ingresos non financeiros locais experimentan unha baixa nos impostos e taxas asociados a actividade inmobiliaria. Non entanto, esta baixa queda compensada dabondo polo aumento na cesión dos tributos do estado e polo Fondo Complementario de Financiamento, o que nos leva a manter en términos netos os ingresos do Estado correspondentes o ano 2009. E importante matizar o término neto, xa que nel está incluída a devolución que lle corresponde facer o Concello pola Liquidación negativa correspondente o ano 2008.

En consecuencia, tendo en conta o principio presupostario de universalidade, o presuposto debe recoller a totalidade dos ingresos e dos gastos derivados da actividade financeira. De igual xeito debe rexer o concepto de presuposto bruto, os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaranse o presuposto polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante a minoración de dereitos liquidados. Polo tanto, os ingresos entregados a conta do Estado presupóstanse polo importe bruto no estado de ingresos e pola devolución que corresponde o ano 2011 no estado de gastos.

Ademais, tendo en conta o saneamento das nosas contas e o baixo nivel de endebedamento, puidemos acollernos a posibilidade de novo endebedamento para o financiamento dos investimentos para o ano 2011.

Artellado o expediente que conforma o Orzamento Xeral para o ano 2011, que está integrado polo da propia Entidade e os Organismos Autónomos Administrativos dependentes, e visto, así mesmo que o mesmo está completo e axustase o regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en uso das competencias que me foron delegadas, proponse ó Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

a) Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2011, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo

## Presuposto da Entidade Local e Estados Consolidados

| Orzamento de gastos    |                       |                       | Orzamento ingresos     |                       |                       |
|------------------------|-----------------------|-----------------------|------------------------|-----------------------|-----------------------|
| Capítulo               | Entidade              | Consolidado           | Capitulo               | Entidade              | Consolidados          |
| I                      | 59.199.469,74         | 67.461.167,95         | I                      | 93.057.993,00         | 93.057.993,00         |
| II                     | 100.254.963,44        | 107.715.855,37        | II                     | 8.119.061,00          | 8.119.061,00          |
| III                    | 1.072.748,41          | 1.072.778,41          | III                    | 35.032.563,26         | 41.495.342,69         |
| IV                     | 30.710.826,56         | 19.416.544,20         | IV                     | 66.339.263,72         | 64.541.217,08         |
| V                      |                       |                       | V                      | 3.441.654,00          | 3.535.269,63          |
| <b>TOTAL G.Co.OpNF</b> | <b>191.238.008,15</b> | <b>195.666.345,93</b> | <b>TOTAL I.Co.OpNF</b> | <b>205.990.534,98</b> | <b>210.748.883,40</b> |
| VI                     | 16.205.834,66         | 16.939.626,57         | VI                     |                       |                       |
| VII                    | 1.661.918,64          | 986.918,64            | VII                    | 4.607.201,12          | 4.328.790,00          |
| <b>TOTAL G.Cp.OpNF</b> | <b>17.867.753,30</b>  | <b>17.926.545,21</b>  | <b>TOTAL I.Cp.OpNF</b> | <b>4.600.008,73</b>   | <b>4.328.790,00</b>   |
| <b>TOTAL G.Op.NF</b>   | <b>209.105.761,45</b> | <b>213.592.891,14</b> | <b>TOAL I.Op.NF</b>    | <b>210.590.543,71</b> | <b>215.077.673,40</b> |
| VIII                   | 601.000,00            | 697.040,48            | VIII                   | 600.000,00            | 696.040,48            |
| IX                     | 12.483.782,26         | 12.483.782,26         | IX                     | 11.000.000,00         | 11.000.000,00         |
| <b>TOTAL G.Cp.OpF</b>  | <b>13.084.782,26</b>  | <b>13.180.822,74</b>  | <b>TOTAL I.Cp.OpF</b>  | <b>11.600.000,00</b>  | <b>11.696.040,48</b>  |
| <b>TOTAL G.Op.Cp.</b>  | <b>30.952.535,56</b>  | <b>31.107.367,95</b>  | <b>TOTAL I.Op.Cp.</b>  | <b>16.200.008,73</b>  | <b>16.024.830,48</b>  |
| <b>T. XERAL GASTOS</b> | <b>222.190.543,71</b> | <b>226.773.713,88</b> | <b>T.XERAL INGRESO</b> | <b>222.190.543,71</b> | <b>226.773.713,88</b> |

## Presuposto dos Organismos Autónomos Administrativos

| Capitulo | IMD          |              | Xerencia M Urbanismo |              | EMAO         |              | P.Ciencias Vigo Zoo |              |
|----------|--------------|--------------|----------------------|--------------|--------------|--------------|---------------------|--------------|
|          | Gastos       | Ingresos     | Gastos               | Ingresos     | Gastos       | Ingresos     | Gastos              | Ingresos     |
| I        | 2.283.935,00 |              | 4.009.205,79         |              | 1.064.777,67 |              | 903.779,75          |              |
| II       | 5.291.645,32 |              | 1.151.046,35         |              | 307.233,61   |              | 710.966,65          |              |
| III      |              | 2.914.720,80 |                      | 3.174.552,62 |              | 6,01         | 30,00               | 373.500,00   |
| IV       | 29.164,52    | 4.720.024,04 | 1.884.906,16         | 4.064.724,52 | ,00          | 1.394.244,91 | 40.000,00           | 1.271.312,93 |
| V        |              | 40.000,00    |                      | 9.665,51     |              | 10.012,02    |                     | 33.938,10    |
| VI       | 75.000,00    |              | 658.791,91           |              | ,00          |              | ,00                 |              |

|              |                     |                     |                     |                     |                     |                     |                     |                     |
|--------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| VII          | 70.000,00           | 75.000,00           | 144.992,44          | 600.000,00          | 32.251,66           |                     | 23.974,63           |                     |
| VIII         | 24.040,48           | 24.040,48           | 30.000,00           | 30.000,00           | 12.000,00           | 12.000,00           | 30.000,00           | 30.000,00           |
| <b>TOTAL</b> | <b>7.773.785,32</b> | <b>7.773.785,32</b> | <b>7.878.942,65</b> | <b>7.878.942,65</b> | <b>1.416.262,94</b> | <b>1.416.262,94</b> | <b>1.708.751,03</b> | <b>1.708.751,03</b> |

b) Aproba-las Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, coa salvidade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

c) Aproba-las Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

d) Aproba-lo cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no parágrafo a)

e) Somete-lo expediente ós requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non terse presentado alegación ou reclamación algunha, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o presuposto definitivo que se aprobe para o ano 2011, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Si o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvementos da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, a proposta da Concellería Delegada de Facenda previo informe da Intervención Xeral Municipal.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.